

Faro *da* Cultura

Nº 486 ■ XOVES, 30 DE XANEIRO DE 2014

Coordina: Xosé Ramón Pena

Escribía Álvaro Cunqueiro en *A cocina galega* que lle gustaban máis os pexegos desde que soubo, pola obra de Bertrand Russell Sobre os coñecementos inútiles, que chegaron a Europa grazas aos árabes, que os coñeceran, á súa vez, porque uns mercadores indios levaron as sementes desde a China a Persia.

Nas sociedades occidentais –sería redundante cualificalas de capitalistas: polo visto non hai alternativa– estamos condenados, polo visto, a que as universidades apenas ofrezan estudos que “teñan saída”. E entendamos por tal expresión aquelas carreiras destinadas a producir bens industriais ou de servizos. Criterio que condena aqueles estudos cuxa finalidade intrínseca sexa saber, coñecer, sen obter un proveito tanxible de maneira inmediata. Polo demais, xa o anunciara hai anos aquel ministro do franquismo, José Solís Ruiz, que nacera na vila cordobesa de Cabra, cando nas Cortes (franquistas), despois de defender os valores do deporte, preguntouse para que servía o latín. Respondeulle desde o seu escano o reitor da Complutense, don Adolfo Muñoz: “De entrada, señor ministro, para que á Súa Señoría lle chamen egarense e non outra cousa”.

Agora, as consecuencias da crise económica que padecemos son a coartada para que o pensamento neoliberal dominante impoña que as universidades teñen que estar ao servizo dos estudos que producen resultados economicamente cuantificables. Contra a mercantilización da cultura, o profesor Nuccio Ordine vén de publicar o manifesto *A utilidade do inútil*, que entre nós ven de aparecer en castelán e en catalán (Acantilado / Quaderns Crema) en espléndidas traducións de Jordi Bayod.

O profesor calabrés pon o dedo na chaga cando as autoridades están a regatear as dotacións de universidades e museos mentres as retribucións de expolíticos e directivos son de auténtico escándalo. En paralelo, reflexiona sobre a hegemonía da cantidade por riba de calidade dos estudos; é dicir, da súa monetarización, en fronte daqueles outros que non dan resultados económicos inmediatos. Para o triunfo do delirio polo dominio do diñeiro, os saberes consti-

Mercantilización da cultura

Nuccio Ordine e o valor das Humanidades

JOAQUIM VENTURA



O escritor italiano Nuccio Ordine.



Fotograma de *A illa do tesouro*.

túen por eles mesmos un obstáculo. Sen dúbida polo valor de instrumento de razoar que teñen.

Un odio cara a cultura –e dicir, odio á diferenza, odio á razón– que unifica a moitos consellos de administración dos distritos financeiros co bispo Teófilo que destruíu a biblioteca de Alexandría, coas chamas da Inquisición, cos talibáns que decapitaron os budas de Bamian ou os xihadistas que recentemente destruíron en Mali os mausoleos de antigos santóns.

Ou como fixeron aqueles gardas vermellos maoístas, destrutores do pasado.

Pero Nuccio Ordine non articula un artefacto de denuncia abstracta ou unha denuncia que facilmente podería ser tomada por reivindicación gremial. O seu manifesto recolle, a maneira das contas dun rosario, diversas citas de escritores e intelectuais

O proveitoso resulta vulgar e, en consecuencia, devén feo

nas cales reflexionaron sobre os valores da literatura e da cultura. En rexistro semellante, pero dándolle a volta aos elementos do argumento, recolle un anaco de *A illa do tesouro*, de R.L. Stevenson, que reflexiona sobre cantas vidas tería ri-

ba de si o tesouro enterrado polo capitán Flint nunha illa do mar Caribe.

Desde a antigüidade –e hoxe resulta máis evidente– hai unha incompatibilidade manifesta entre beleza e diñeiro. Poucos e honrosos son os casos dos mecenases que ofrecen xenerosamente o seu capital a prol das artes. Poucos e honrosos porque –como no tesouro que procuraba da nave Hispaniola– moitos capitais foron gañados con sangue alleo. Sen esquecer esa aberración que é mercar arte como investimento para gardalo nunha caixa forte. O útil, o que serve para tirar proveito monetario, resulta vulgar e, en consecuencia, feo. Así, sucede que nas universidades a lóxica do beneficio xa non hai estudantes senón clientes. A maneira de vacina, a lectura de *A utilidade do inútil* resulta altamente recomendable.

ARTE: VALCÁRCEL
MEDINA EN ADHOC / PÁX. III



FOTO: XOÁN ÁLVAREZ

ENTREVISTA COA ESCRITORA
ROSA ANEIROS / PÁX. V

ERWIN PISCATOR: POR UN
TEATRO POLÍTICO / PÁX. VIII